GUITIRIZ TAMÉN É MARICA CAMPO

Relatorio para a HOMENAXE A MARICA CAMPO, DA NOVA POESÍA GUITIRICA (NPG)

É dende O Incio (Val de Mao) onde a nena olla con asombro o mundo por primeira vez, coa magnificencia dos campos e dos montes prendida nos ollos para sempre. Mais axiña conxugará esta vista da natureza enxergada nas contas do pan e na oralidade ilustrada, dos contos e das lendas que viven na boca da xente, coa vista do envés do mundo. Isto ocorre cando sendo aínda cativa se trasladaron á cidade, onde ecoan voces de civilizacións antigas e nomes de emperadores romanos, ao abeiro do granito e da lousa da Muralla. Foi alí onde se trasladaron seus pais para que puidesen estudar a morea de fillos que tiñan, é onde o coñecemento e a racionalidade aprenderon a convivir en Marica Campo coa realidade máxica e lendaria das terras atávicas do seu rural natal.

E así, o Incio e Lugo son os dous lugares identitarios que configuran a Marica Campo dende nena a moza nova, lugares que inevitablemente me retrotraen á miña nenez, a través do fío condutor da miña avoa e das súas narrativas das augas, das reumas, do tempo de descanso, do balneario de Lugo á beira do Miño e das viaxes a aquelas remotas terras do Incio, onde o aire lle reviña os folgos, e a conversa coas mulleres augueiras coma ela e coas que lle daban pousada e comida, renovábanlle o ánimo e por breves anacos de tempo convertíanse nas compañeiras de vida nese mundo da auga, e do pracer do corpo e da alma. Porén os elementos auga e terra, combínanse para unirnos nas Terras de augas O Incio-Lugo e Guitiriz, Marica Campo e nós; ademais de por moitas outras cousa, que iremos relatando.

Mais antes, temos que falar do seu desexo precoz de ser misioneira, que como ela, eu tamén tiven, cando na escola nos viñeran a falar das misións e da súa labor humanitaria. A influenza da relixión e dos valores cristiás xunto coa súa sensibilidade, parece que confluían na motivación de Marica Campo para poder mudar o mundo; un destino así e todo, no que probablemente confluían outras motivacións máis profundas e non identificables nese momento, como que podía ser un xeito de "voar e ilustrarse" sen ser cuestionada nin censurada como muller, de rachar co canon uniforme que nos viña marcado, o de "muller para casar e ter fillos". Destino que Marica levou máis lonxe e decide ingresar nun convento de monxas en Salamanca, etapa na que fai a carreira de Maxisterio e estudos de Teoloxía.

Xa de volta e nos seu comezo como mestra, un dos seus primeiros destinos foi A Nafreita, nas lindes entre Friol e Guitiriz (cerca das Negradas), onde aínda os mozos e mozas acudían a escolas separadas, e moita rapazada eran fillxs de nais solteiras, e posible que sexa aquí onde toma conciencia coa realidade galega e especificamente coa realidade minorizada das mulleres, e que aínda hoxe a recordan con grande agarimo, e dela din que chegou alí con outro xeito de ensinar, máis preto da xente, das rapazas e dos rapaces e tamén das familias e do que a elas lles acontecía. Quizais sexa aquí, onde dalgún xeito inicia formalmente a súa militancia e compromiso con Galicia e co feminismo.

Como moitas e moitos de nós, Marica Campo medra nesa diglosia endémica que nos habita, a da preeminencia dunha lingua sobre a outra, o galego. Polo que foi xa nos seus tempos de mestra nova polas vilas da Chaira, cando tomou conciencia crítica e reflexiva da importancia da fala propia "como significado máximo dun país". Este postulamento activo, trasládame as palabras de Simone de Beauvoir, cando di que "unha non nace muller, senón que se fai", e que se

podería aplicar tamén no contexto de Galicia e do idioma galego, de xeito que "na nosa terra as persoas non nacen galegas, senón que nos facemos galegos e galegas, cando nos apropiamos da lingua" como o patrimonio ontolóxico de identidade dun pobo, que só existe porque ten unha lingua propia.

E aínda quen tivemos a sorte de nacer no galego, senón adquirimos esa conciencia reflexiva e unha vontade proactiva de situarnos na lingua, sempre estamos en risco de perdela ou de desertar dela. Por ende, é moi importante esta militancia política e persoal que tivo Marica no monolingüísmo do galego , alentada por amigos como Manuel María e por Xosé Manuel Carballo, crego e mago recentemente finado. En palabras de Alfonso Blanco "na Terra Chá converteuse ao noso".

E neste dominio, adicou Marica Campo a súa vida profesional ao ensino como mestra de Galego, preocupada por transmitir a emoción e o coñecemento da lingua, como o maior ben inmaterial que poidamos acadar. E así oín falar eu por primeira vez dela, por meu sobriño Roberto Campello Saa, que a tiña de mestra e titora no IES " X.M. Díaz Castro". Falábame de que tiña que coñecer a Marica Campo porque me ía gustar moito, que era moi boa escritora e que se preocupaba moito polo seu alumnado, que sabía moito e que se implicaba nas clases e tamén con eles e elas. Que era unha persoa moi xusta e sensible, que "non ía de nada" e que era nobre e chá coma nós. UNHA MESTRA DESAS QUE DEIXA "POUSO", "O POUSO DA MESTRA" que todos temos ou nos gustaría ter.

Dende moi nena tivo paixón polos libros, esas lecturas amigas que a transportaban a mundos fantásticos, no medio do balbordo de tanta rapazada como había na súa casa de familia numerosa, o ser a 5ª nena de 8 irmáns, pero

ela sempre se arranxaba para buscar lugares afastados e segredos, como o Pombal da horta da casa, onde poder ler, e escribir tamén, en soidade, gozando das súas viaxes imaxinarias. A pesares de que comeza a escribir dende moi nova, logo tarda bastante tempo en publicar, cousa na que tamén me identifico con ela. Di que lle abondaba co pracer de escribir para o abano de amizades e intelectuais que tiña arredor dela, pero como muller e como coñecedora do funcionamento da estrutura patriarcal, coido que quizais tamén lle faltase esa ambición de facerse coa praza pública que teñen os homes, coma unha herdanza do espírito da conquista, mentres nos debamos ser conquistadas e apoderadas, para pisar o terrado social que durante tanto tempo nos foi negado, coma se tivésemos que contentarnos con sermos "voces baixas", sen transcender do ámbito do privado; a pesares de termos referentes femininos como Rosalía de Castro ou Concepción Arenal que, teórica e simbolicamente nos abren as portas á normalización da figura das mulleres na poesía e na literatura.

Ate os anos 90, Marica Campo ten pequenas publicacións, como unha obra de teatro e poemas en revistas varias, así como poemas soltos que foron musicados por Fuxan os Ventos, pero é aló polo ano 1992 cando definitivamente, un reducido grupo de amigos e amigas intelectuais, a convencen para publicar. Deste xeito, primeiro Manuel María motivándoa, e logo xa, Bernardo Penabade, Carme Cociña e a miña querida Pilar Pallarés, son quen se xuntan unha fin de semana na súa fermosa casa de pedra que tiña en Xove, para empurrala e axudarlle a recopilar o material do seu primeiro poemario publicado, ao xeito de Antoloxía poética, "Tras as portas do rostro".

Logo veñen outros libros de poemas e narrativa, mostrando unha preocupación crecente pola cuestión das mulleres, e é con Confusión e morte de María Balteira (xuño do 96), onde procura rescatar figuras femininas das mans do

patriarcado, dando voz a mulleres insubmisas, mulleres rebeldes que caen en desgraza por non aterse ao “mandato patriarcal” ou ás normas que indica o canon, e en “Onde houbo lume” (2007) que visibiliza a “marxinación” que sufrían ás mulleres subversivas, a “solteiría” como estigma e como castigo, fronte a casar e o matrimonio, onde o home aparece de novo como “salvación” e dador de status social á muller-ninguén en por si. Desenvolvendo unha sólida traxectoria que desentraña o universo e a arquitectura do “ser social feminino” no rural.

Adica a súa derradeira etapa profesional como mestra do IES “Díaz Castro” en Guitiriz, onde compra unha vivenda e se integra como unha vilega máis até anos despois da súa xubilación. E é no 2008, que se traslada a Lugo para vivir con súa irmá. Durante a súa estancia en Guitiriz participa activamente na vida de vila e nas cousas que preocupan a veciñanza, colaborando e participando en todos os actos que lle pedían, non só con Xermolos, senón con todo o tecido asociativo que hai na contorna. Tamén é unha etapa moi produtiva intelectualmente e é cando poderíamos dicir que Marica se sitúa no feminismo activo dun xeito máis consciente, militancia e compromiso que unha vez máis me unen a ela.

É unha fachenda e un orgullo ter mulleres coma ti vinculadas a Guitiriz e aínda que xa recibiches a homenaxe como Chairega de Honra pola fundación Manuel María, hoxe a xente da Nova Poesía Guititrica (NPG) querémoste honrar tamén con este humilde pero sentido acto, e celebrar a túa persoa coincidindo coa Festa da Trapeira de Honra. Aproveitando que teño a palabra quero expresarche o meu agradecemento polo agasallo máis grande que pode recibir unha muller que escribe, antes de publicar ningún libro, e ese agasallo veu en forma de palabras a xeito de fumata branca, as que lle dixeches ao querido Alfonso

Blanco cando che deu a ler o meu proxecto de poemario “Do corazón da terra” e ti llo devolviches coas seguintes palabras a xeito de fumata branca, “Hai poeta”. Grazas Marica pola túa sororidade e as túas palabras apoderadoras.

Para rematar, non quero deixar de dicir que Marica Campo é dona dunha voz propia, única e transversal, unha voz froito dan da súa colleita e do espírito forte e libre que alimentan as xeografías bravas da terra de montañas. Ten tamén a resistencia e a honestidade de quen se vai facendo cos anos, como a madeira nobre dos castiñeiros dese Souto de Val de Mao, que hoxe leva o seu nome. Marica Campo é paixón e exuberancia na verba, que se lle presentan burbullantes e líquidas aínda, dispostas a saír arremuiñadas dende o núcleo cara o campo da liberdade de expresión, onde ela se sitúa a xeito de gladiadora nun “combate coas palabras”, que loitan por impoñérselle sen estar suxeitas á disciplina de quen as preña e de quen as pare, con cicel e martelo de poeta.
Pero ela manda, coa voz independente de quen medra cultivando o amor a lingua da terra e tecendo o compromiso co feminismo, como piares universais para un mundo mellor, piares que a configuran e fanna grande como ser humana.

Tense dito que LUGO É MARICA CAMPO, pero hoxe digo aquí no meu nome e no nome de todas as persoas da NPG, **GUITIRIZ TAMÉN É MARICA CAMPO**.

Luz Campello
Guitiriz, 19 outubro 2019

Silencio

Loitei a vida enteira cun só nome
a piques de saírme polos labios,
sei o tamaño, a forma e até o eco
que deixará no ar se o digo un día.
Mentres tanto palabras como pombas
ceibei a competir coa voz do vento.

Non o podo lembrar, anda no vento,
que quen o pronunciou queimou o nome,
derradeira, quizais, das súas pombas,
liberouno e despois cerrou os labios.
Eu sei que morrerei feliz o día
en que o descifre á fin no son do eco.

O oco da palabra vai no eco,
eternamente vougo polo vento.
Non volverá existir, non verá o día,
xamais regresará o nome ao nome.
É grande para min, non teño labios,
o meu pombal quedou case sen pombas.

Xa non queren voar, xa non son pombas,
anacos de papel que leva o eco.
Se eu dixese o que soño, novos labios
volverían a min, sería vento

a percorrer o mundo cun só nome,
o que quero dicir mais non hai día.

Virá fatal, ha vir, un outro día:
Deixarei dunha vez o ar sen pombas,
no delirio a morrer direi o nome
que procurei sen fe, febril no eco,
neste me eu baleirar tamén no vento,
nun voo de palabras como labios.

Chegará a hora e hei pechar os labios,
cando estea a chegar a luz do día,
e aínda hei procurar no fol do vento
ese amencer de abril orfo de pombas.
Mesmo morto ha soar na voz do eco
a negarse a si mesmo, xa sen nome.

Non ten nome o silencio, non ten labios,
levantan cando o digo voo as pombas
e pousan no ar do eco a facer vento.
(Marica Campo)